



ESTATUTOS ASOCIACION *FINISTERRAE* DE PROFESIONAIS DO DESENVOLVEMENTO LOCAL AFIPRODEL

Capítulo 1. Denominación, ámbito, enderezo e fins.

Artigo 1. Co nome de *Asociación “Finisterrae” de profesionais de desenvolvemento local* (AFIPRODEL), constitúese unha entidade profesional no ámbito do desenvolvemento local na Galiza, con carácter independente respecto de calquera outro tipo de organización. Rexerase polo previsto na Lei 19/1977, de 1 de abril, así como do Real Decreto 873/1977, de 22 de abril, e na LO 11/85, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical e demais disposicións legais vixentes que regulen o asociacionismo profesional.

Artigo 2. A *Asociación “Finisterrae” de profesionais de desenvolvemento local* (AFIPRODEL) gozará de plena personalidade xurídica e capacidade de obrar necesaria para o cumprimento dos seus fins e disposición dos seus bens e dereitos, conforme á lexislación vixente aplicábel. Ademais terá a adecuada separación patrimonial respecto do patrimonio das persoas asociadas, sendo administrados os seus bens con total autonomía.

A asociación comprenderá o ámbito territorial de Galiza no que desenvolverá o seu ámbito profesional. Terá, polo tanto ámbito, galego.

Artigo 3. O enderezo social da *Asociación “Finisterrae” de profesionais de desenvolvemento local* (AFIPRODEL) fixase na Praza de San Gregorio s/n do Concello de Carnota. Previo acordo da Asemblea Xeral poderá cambiarse o enderezo social a calquera outro lugar de Galiza.

Artigo 4. A asociación constitúese por tempo indefinido e a súa disolución levarase a cabo cando o acorde a Asemblea Xeral, co voto favorbél de dous terzos dos membros presentes ou representados. Actuarán como liquidadores, no seu caso, os membros da Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral, debidamente convocada para o efecto poderá adoptar o acordo de fusionarse con outras asociacións de maior, igual ou menor ámbito, e con similares obxectivos e intereses, co voto favorábel en primeira convocatoria, de dous terzos dos membros presentes ou representados.

Artigo 5. A asociación ten dous obxectivos principias para os que poderá desenvolver calquera tipo de actividade que considere necesaria.

Defender e xestionar como mellor conveña os intereses dos seus asociados e asociadas, así como promover o recoñecemento social da figura do e da profesional de desenvolvemento local e a súa consolidación como posto de traballo nas administracións públicas, especialmente nas locais.

Potenciar os recursos de Galiza para acadar un desenvolvemento económico-social global, ambiental, harmónico e sustentábel.

Para a consecución destes obxectivos a asociación terá os seguintes fins:



Relacionados co primeiro obxectivo:

Desenvolver actividades para o mellor servizo dos intereses profesionais de carácter particular dos asociados e asociadas.

Defender os intereses profesionais ante autoridades e organismos, tanto públicos como privados, administrativos como xuridiscionais, así como ante organizacións internacionais.

Detectar necesidades e desenvolver accións de formación e cualificación dos profesionais do desenvolvemento local obtendo a colaboración necesaria dos organismos tanto nacionais como internacionais.

Centralizar toda aquela información de interese para o perfeccionamento destes profesionais.

Difundir a información dos servizos técnicos correspondentes á solución dos problemas profesionais xerais e particulares dos membros da asociación.

Prestar asesoramento aos asociados e asociadas en calidade de órgano consultivo.

Intervir e promover a participación en todas as institucións que teñan competencias ou interese no desenvolvemento local, tales como consellos económicos e sociais, pactos polo emprego, organizacións ou agrupacións de carácter local ou territorial, etc.

Formalizar convenios e concertos con organismos públicos e privados para a mellora dos intereses e necesidades das persoas asociadas.

Manter relacións e colaborar con outras asociacións e organismos cos mesmos ou similares fins, así como promover a creación e participación en redes de apoio e intercambio con profesionais nacionais e internacionais relacionados co desenvolvemento local.

Velar pola observación máis estrictas das normas de ética profesional entre as persoas asociadas.

Relacionados co segundo obxectivo:

Fomentar o desenvolvemento local sustentábel (social, económico e ambiental) en todas as comarcas de Galiza e realizar accións para a igualdade de oportunidades de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida, así como a conciliación da vida familiar e laboral das persoas como instrumento para o desenvolvemento local.

Promover e xestionar iniciativas de desenvolvemento local ante organismos e organizacións.

Detectar e promover oportunidades relacionadas cos recursos ociosos e infrautilizados e desenvolver accións de apoio á inserción dos colectivos desfavorecidos, especialmente os colectivos en risco de exclusión social, inmigrantes e emigrantes retornados.

Fomentar a actividade emprendedora e a creación de empresas, especialmente de economía social, en Galiza.

Investigar e realizar estudos ou informes para a planificación e desenvolvemento de proxectos e accións relacionados co desenvolvemento dos territorios, axentes e cidadanía dos territorios de Galiza, especialmente os relacionados coa consecución da igualdade de oportunidades.



Colaborar e promover o intercambio de experiencias e proxectos de colaboración con outros territorios nacionais e internacionais.

Asesorar, informar e participar na planificación e elaboración das políticas de desenvolvemento das administracións públicas e entidades privadas que o soliciten.

Organizar e desenvolver programas e accións das diferentes políticas formativas, así como participar en accións para a difusión do espírito emprendedor entre a mocidade e as xeracións máis novas.

Promover e participar na cooperación internacional no sentido máis amplo como concepto de solidariedade e transferibilidade do *know how*.

Participar e realizar calquera outra actividade que procure os fins que se desprenden do espírito desta asociación

Dinamizar e apoiar o tecido empresarial e asociativo de fins diversos.

Promover no exterior os recursos locais e galegos.

Realizar iniciativas que teñan como finalidade a transferencia de experiencias, metodoloxías e boas prácticas en materia de desenvolvemento local, tanto a nivel nacional como con outros países.

Deseñar e desenvolver accións de educación medioambiental e sensibilización social, así como promover e potenciar o voluntariado social e a educación pola paz.

Promover o emprego e o coñecemento dos sinais de identidade cultural dos pobos, e moi especialmente a lingua galega, nas actuacións de desenvolvemento local, mellora da empregabilidade ou nos programas formativos.

Promover a posta en valor do patrimonio natural e cultural, tanto material como inmaterial.

Deseñar e executar proxectos e actividades para a difusión e o emprego das novas tecnoloxías da información e a comunicación e promover actuacións que teñan como obxectivo a diminución e eliminación da fenda tecnolóxica entre os territorios e a súa cidadanía e especialmente entre profesionais e sectores chave para o desenvolvemento tecnolóxico dos territorios.

Capítulo 2. Dos membros da asociación.

Artigo 6. Poderá pertencer a esta asociación calquera persoa maior de idade que cumpra os seguintes requisitos:

- Ter titulación universitaria.
- Desempeñar ou ter desempeñado un posto de traballo relacionado co desenvolvemento local.
- Ter informe favorábel da Xunta Directiva sobre a solicitude de acceso.
- Asumir o compromiso de aceptar e cumprir os estatutos.

As persoas asociadas poderán asociarse por comisións territoriais e funcionais dependendo das actuacións que se leven a cabo.

Artigo 7. O ingreso na asociación será voluntario e en calquera momento, mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, poderá solicitarse a baixa con un mes de antelación á data efectiva desta. O número de persoas asociadas será ilimitado.



As incidencias de altas e baixas serán inscritas no libro de rexistro das persoas asociadas que será responsabilidade da Xunta Directiva.

Artigo 8. A condición de asociado e asociada levará inherente o pagamento da cuota anual que se fixe pola Xunta Directiva.

Artigo 9. Na AFIPRODEL existirán as seguintes clases de persoas asociadas:

- Socios e socias fundadoras: serán os que participen no acto de constitución da asociación.
- Socios e socias de número: serán as persoas que ingresen despois da constitución da asociación.
- Socios e socias de honor: serán membros de recoñecido prestixio persoal ou profesional que colaboren coa AFIPRODEL na persecución dos seus fins.

Artigo 10. Os membros da asociación terán os seguintes dereitos:

- Participar en igualdade de dereitos nas actividades e actos colectivos que organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
 - Participar nas Asembleas con voz e voto.
 - Ser electores e elixibéis para os cargos directivos.
 - Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
 - Formular suxestións aos membros da Xunta Directiva para o mellor cumprimento dos fins da asociación.
- Calquera outro que confiran os presentes estatutos e a lexislación vixente.

Artigo 11. Os membros da asociación terán as seguintes obrigas:

- Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos das asembleas e Xunta Directiva.
- Pagar as cuotas ou achegas que se fixen.
- Desempeñar, cando corresponda, as funcións inherentes ao cargo que ocupen.
- Asistir ás reunións da Asemblea Xeral e participar con seu voto na toma de decisións. Exercer con eficacia as tarefas ás que voluntariamente se comprometa. Contribuír co seu comportamento ao bo nome e prestixio da asociación.

Artigo 12. Os membros da asociación poderán perder a súa condición de socio/a e causar baixa na AFIPRODEL por algunha das seguintes causas:

- Por defunción.
- Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito ao presidente da Xunta Directiva, segundo se especifica no artigo 7 destes estatutos.
- Por incumprimento das súas obrigas económicas.
- Por disolución e liquidación da asociación.
- Por expulsión acordada pola Xunta Directiva, cando contraveña as disposicións destes estatutos, ou que desprestixie a Asociación con feitos ou palabras que perturben gravemente os actos organizados pola mesma e a normal convivencia entre asociados e asociadas, ou que afecten de maneira adversa á súa reputación. Contra o acordo de expulsión adoptado pola Xunta Directiva caberá interpor recurso, no prazo de dez (10) días desde a súa notificación.



Capítulo 3. Órganos de goberno, disolución e modificación.

Artigo 13. Os órganos de representación, goberno e administración son: a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e a Presidencia.

A Asemblea Xeral.

Artigo 14. A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación. Está integrada por todas as persoas socias que non teñan causado baixa, definitiva ou temporal, na AFIPRODEL. Os acordos desta son de obrigado cumprimento para todas as persoas asociadas.

Artigo 15. A Asemblea Xeral reunirse en sesión ordinaria unha vez ao ano e en sesión extraordinaria cando, a xuízo da Xunta Directiva, as circunstancias así o aconsellen, ou cando o propoñan por escrito un terzo das persoas asociadas, con expresión concreta da orde do día, da hora e do lugar.

Artigo 16: As convocatorias de reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, así como as propostas para realizalas, de acordo co artigo anterior, poderán facerse a través de carta certificada, correo electrónico, fax ou calquera outro medio que permita verificar a súa recepción.

Artigo 17: A convocatoria da Asemblea Xeral realizarana a Secretaría xunto coa Presidencia da Asociación, e notificarase a cada unha das persoas asociadas, por escrito, expresando a data, lugar e a hora, así como a orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea Xeral haberán de mediar, cando menos, 10 días se for ordinaria e 5 se for extraordinaria. Na convocatoria tamén se poderá facer constar a data, a hora e o lugar no que se reunirá a Asemblea Xeral ordinaria ou extraordinaria en segunda convocatoria, se proceder, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a unha hora.

Artigo 18: A Asemblea Xeral, ordinaria ou extraordinaria, quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando concorran nela, cando menos, a metade máis un das persoas asociadas, e en segunda convocatoria calquera que for o seu número.

Artigo 19: A Asemblea Xeral, ordinaria e extraordinaria, será presidida pola Presidencia da Xunta Directiva ou pola persoa na que delegue. Exercerá a Secretaría a persoa titular do cargo ou, no seu defecto, a Vicesecretaría, quen consignará os acordos adoptados no Libro de Actas. As actas deben ser asinadas polas persoas que exerzan a Presidencia e Secretaría ou polos vicescargos correspondentes que os substitúan.

O asinamento das actas da asemblea e da xunta directiva poderá realizarse a través de correo electrónico no que se indique tal feito. Na redacción final da acta, que será



refrendada pola sinatura do secretario/a e o visto e prace do presidente/a, deberá facerse constar as sinaturas realizadas por este procedemento.

Artigo 20: Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Elixir e nomear os membros da Xunta Directiva.
- b) Coñecer a xestión da Xunta Directiva.
- c) Ler e aprobar, se proceder, as actas de asembleas xerais anteriores.
- d) Examinar e aprobar os orzamentos e liquidacións de contas.
- e) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva relativas ás actividades da Asociación.
- f) Fixar as cuotas ou achegas ordinarias e extraordinarias.
- g) Adoptar as resolucións que pola súa importancia o requiran.

Artigo 21: Son facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) A modificación dos Estatutos.
- b) A modificación das cuotas ordinarias, ou achegas extraordinarias no caso de se considerar necesario.
- c) A disolución da asociación.
- d) A disposición e o alleamento de bens, cando corresponda.
- e) A constitución de federacións ou integración nelas.
- f) A adopción daquelas resolucións que pola súa importancia o requiran.

Artigo 22: Os acordos da Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria adoptaránse respectando os mínimos establecidos polo artigo 12.d da LO. 1/2002.

Artigo 23: Todas as persoas socias terán dereito a voz e voto nas asembleas xerais e poderán delegar o seu voto noutro asociado mediante escrito asinado onde quede constancia dos seus datos, dos datos da persoa en quen delegue e a data da Asemblea para a que delega o seu voto.

A Xunta Directiva.

Artigo 24: A Asociación será dirixida e administrada pola Xunta Directiva, formada pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Vicesecretaría, Tesouraría e os vogais, deberá estar integrada por un número impar de membros.

Artigo 25: A Asemblea Xeral poderá decidir en calquera momento o incremento ou diminución do número de vogais que estime oportuno. Estes vogais formarán parte da Xunta Directiva e encargaranse da coordinación das áreas que a propia Asemblea decida.

Artigo 26: A Xunta Directiva será elixida democráticamente pola Asemblea Xeral, coas atribucións que esta ten concedidas polos presentes Estatutos.

Artigo 27: Os cargos da Xunta Directiva son voluntarios e non retribuídos. O mandato dos membros da Xunta Directiva será de até 4 anos, agás na primeira renovación parcial na que os cargos de Vicepresidencia, Secretaría e a metade dos vogáís será de 2 anos. Todos os cargos poderán ser reelixidos. No caso de ausencia ou enfermidade dalgún dos membros da Xunta Directiva, poderá ser suplido provisoriamente por outro dos integrantes, previa designación por maioría dos seus membros, salvo no caso da Presidencia e da Secretaría, que serán substituídos respectivamente polas persoas que exerzan a Vicepresidencia e a Vicesecretaría.

Os cargos da asociación poderán ser compensados unicamente polos gastos de representación e xestión nos que incorran no desenvolvemento das funcións encomendadas e en ningún caso poderán ser consideradas estas compensacións económicas como retribucións. Os orzamentos anuais da asociación proverán unha partida específica de gastos para este fin.

Os cargos da Xunta Directiva poderán cesar por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivera encomendadas ou por expiración do mandato. O procedemento para cubrir estas vacantes será mediante nova elección do membro, seguindo o procedemento xeral de elección, no caso de restar máis da metade do mandato. Cando restar a metade ou menos do mandato seguirase o mesmo procedemento que para ausencia ou enfermidade exposto neste artigo.

Artigo 28: A renovación dos cargos da Xunta Directiva realizaráse parcialmente cada 2 anos, correspondendo no primeiro turno renovar os cargos da Vivepresidencia, Secretaría e a metade dos vogais, e aos 2 anos seguintes os cargos da Presidencia, Vicesecretaría, Tesouraría e o resto de vogáís. Procurarase o mantemento da eficacia e funcionalidade da representación e administración da asociación no período que dure o proceso de renovación de cargos.

Artigo 29: A Xunta Directiva poderá adoptar acordos válidos cando asistan, polo menos, a metade máis un dos seus membros. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O seus membros poderán delegar o seu voto noutro directivo ou directiva da Xunta mediante escrito asinado onde quede constancia dos seus datos, dos datos da persoa en quen delegue e a data da Xunta Directiva para a que delega o seu voto

Artigo 30: A Xunta Directiva reuniráse polo menos unha vez ao ano, e sempre que sexa expresamente convocada pola Presidencia ou no seu defecto pola Vicepresidencia.

Artigo 31: A Xunta Directiva, asumirá as funcións de representación da Asociación, e terá ademais as atribucións seguintes:

- a) Dirixir as actividades e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral os orzamentos anuais e o estado de contas.
- d) Elaborar, se proceder, o regulamento de réxime interior da Asemblea Xeral.



Artigo 32: A Presidencia, como máxima autoridade da asociación, terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos e privados.
- b) Convocar xunto coa Secretaría, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as súas deliberacións.
- c) Executar as decisións da Xunta Directiva.
- d) Ordenar pagamentos e autorizar, coa súa sinatura, os documentos, as actas e a correspondencia. Actuará no nome da Asociación terá poder para solicitar e cobrar subvencións ou doazóns de organismos públicos ou privados e para asinar contratos, convenios e cantos documentos sexan necesarios para o desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Adoptar calquera medida urxente que aconselle a boa marcha da asociación, ou que resulte necesaria ou axeitada no desenvolvemento das súas actividades, dando conta á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral.

Artigo 33: Corresponde á Vicepresidencia:

- a) Substituír á Presidencia na súa ausencia, representando á Asociación e presidindo as asembleas e a Xunta Directiva así como calquera outra función que nestes estatutos se determine.
- b) Servir de conselleiro/a da Presidencia cando esta o requira.

Artigo 34: Corresponde á Secretaría a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación. Deberá cumprimentar o rexistro de asociados/as, con expresión dos seus nomes e datos persoais e tramitar as altas e baixas, dando conta ao tesoureiro/a. Tamén levará o libro de Actas e de Socios/as, dará fe dos acordos adoptados e librará as certificacións que sexan necesarias. Deberá tamén cursar á autoridade as comunicacións sobre designación de xuntas directivas, celebración de asembleas e aprobación dos orzamentos e estado de contas. Corresponde tamén á Secretaría exercer, provisoriamente, as funcións da Tesouraría da Asociación no caso de ausencia da persoa titular do cargo.

Artigo 35: Corresponde á Vicesecretaría:

Substituír á Secretaría na súa ausencia en todas as funcións que se determinaron no artigo anterior.

Servir de conselleiro/a da Secretaría cando esta o requira.

Realizar as funcións da Secretaría que por acordo da Xunta Directiva se determinen e, especificamente, as funcións de Secretaría durante o proceso de renovación de cargo e mentres non sexa nomeado o novo cargo.

Artigo 36: A Tesouraría recadará e será responsábel dos fondos pertencentes á asociación, e dará conta das ordes de pagamento que expida a Xunta Directiva ou a Presidencia.



Intervirá en todos os pagamentos e os cobros que efectúe a Asociación anotandoos no seu Libro de Contas, e presentará o estado de contas á Xunta Directiva para a súa conformidade.

Artigo 37: As operacións bancarias que realice a asociación terán que ser asinadas, polo menos, por dous dos seguintes cargos: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Vicesecretaría e Tesouraría.

Do patrimonio, recursos económicos e orzamentos.

Artigo 38: AFIPRODEL carece de Patrimonio Fundacional.

Artigo 39: Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) Achegas ordinarias.
- b) Achegas extraordinarias, previa aprobación da Asemblea Xeral.
- c) Subvencións concedidas por entidades e organismos.
- d) Legados ou herdanzas que puidera recibir de forma legal por parte de persoas asociadas ou de terceiros.
- e) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 40: Todos os recursos serán aplicados aos fins da asociación, con exclusión do ánimo de lucro.

Artigo 41: A Asociación, coa aprobación da Asemblea Xeral, poderá contratar persoal.

Artigo 42: A previsión económica da Asociación reflectirase nos seus orzamentos anuais de ingresos e gastos, conforme ás normas contidas nestes estatutos. Para atender asuntos de suficiente envergadura económica, poderán confeccionarse orzamentos extraordinarios. A súa formulación corresponderá á Xunta Directiva e a aprobación á Asemblea Xeral.

Artigo 43: Entre as obrigas documentais e contables, a Asociación disporá dunha relación actualizada de asociados/as. Levará unha contabilidade na que quedará reflectida a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens. Nun libro de actas figurarán as reunións que celebren os seus órganos de goberno e representación. O peche de exercicio asociativo coincidirá co derradeiro día do ano natural.

Da disolución da Asociación.

Artigo 44: A Asociación poderá disolverse pola vontade dos seus membros cando o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para o efecto, co voto favorábel de dous terzos dos seus integrantes.



Artigo 45: No caso de disolución, a Xunta Directiva actuará como Comisión Liquidadora. Tras liquidar as débedas e cargas, no caso de existir sobranse líquido, será destinado a aquela organización non gobernamental e sen ánimo de lucro que decida a Comisión Liquidadora.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para todo o non previsto nestes estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª.

No acto de constitución de AFIPRODEL e despois de aprobados os Estatutos e a Acta Fundacional, elixírase unha Xunta Directiva, calquera que for o número de socios/as fundadores.

DISPOSICIÓN FINAL.

A Xunta Directiva, será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nestes estatutos. Estes serán cumpridos mediante os acordos válidos que adopte a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, ordinaria e extraordinaria, dentro das respectivas competencias.

NOTA FINAL SOBRE MODIFICACIÓNS:

Texto completo dos *Estatutos da Asociación AFIPRODEL* redactados coa inclusión da modificación dos artigos acordados por unanimidade en Asemblea Xeral Extraordinaria de 30 de novembro de 2011. Este estatuto substitúe aos inscritos con anterioridade.

Asd. Xunta Directiva

Presidenta	Mª Dolores Pena Pena	DNI 33847290F
Vicepresidente	Osvaldo Santos Lobelos	DNI 76364502V
Secretaria	Mª Josefa Jiménez Sánchez	DNI 28881228J
Vicesecretaria	Mª Silvana Facal Martínez	DNI 76368976Y
Tesoureira	Mª Isabel Agra Pose	DNI 32791776D
Vocal	Emilia Alborés Lema	DNI 32843922Z
Vocal	Jose Ramón Esperante Otero	DNI 33275851 A
Vocal	Anabel Piñeiro Agulleiro	DNI 46915158B
Vocal	Rosa Mª Sánchez Martínez	DNI 52434216N
Vocal	Evaristo Suárez Corzón	DNI 76363021P